

**A cooperativa espalla o modelo enerxético a todas as súas tendas contigo**

**AS TENDAS EROSKI DE NOVA XERACIÓN AFORRAN UN 60% NO CONSUMO ENERXÉTICO**

- **O renovado modelo mellora a eficiencia enerxética a través de novos sistemas e equipamentos eficientes de frío, climatización e iluminación**
- **A eficiencia enerxética únese á xestión de residuos cero que converte a tenda EROSKI contigo nun establecemento punteiro en política de Sostibilidade e Medioambiente**

Elorrio, 2 de agosto do 2017.- [EROSKI](#) mellorou o modelo enerxético das súas tendas de nova xeración configurando un prototipo de tenda ecoeficiente que reduce un 60% o consumo enerxético con respecto a un supermercado convencional.

Esta mellora da eficiencia enerxética acadouse principalmente por mor dun deseño climático e das instalacións de frío de última xeración e mais dun sistema de iluminación LED, con control centralizado.

EROSKI espalla este novo modelo enerxético a todas as aperturas e reformas dos seus supermercados e hipermercados para transformalas á nova xeración de tendas segundo o modelo comercial "contigo" e para as que a cooperativa contempla un investimento anual aproximado de 100 millóns de euros.

*"O novo modelo enerxético que guía as tendas EROSKI de nova xeración testouse previamente antes de espallarse a partir de agora ás nosas novas tendas "contigo"; avanzamos con paso firme para cumprirmos o noso compromiso de mellorar a eficiencia enerxética e reducirmos o impacto ambiental da nosa actividade", afirmou o director de Desenvolvemento de EROSKI, Javier España.*

### **Instalacións de frío**

As medidas ambientais que se aplicaron nas instalacións frigoríficas concréntanse principalmente na instalación dunha central frigorífica negativa de CO<sub>2</sub> e da positiva de R134, que comportan un aforro importante de enerxía e traballan con gases respectuosos co cambio climático. Esta instalación incorpora tamén un sistema de condensación flotante que reduce o consumo eléctrico.

O mobiliario frigorífico componse de mobles de última xeración provistos de portas acristaladas que evitan que os corredores da tenda arrefrien e que garanten unha mellor conservación dos produtos mantendo de xeito estrito a temperatura á que se deben conservar, amais de mellorar o confort dos clientes.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

## **Climatización**

Para unha óptima climatización o modelo enerxético incorpora a instalación do sistema *roof top* con illamento acústico específico para vivendas e un sistema de recuperación de calor para a sala de vendas que se suman ás pantallas acústicas da central de frío.

O clima está integrado no sistema de xestión, que controla a temperatura, humidade e calidade do aire, cun sistema remoto de vixilancia ante eventos que incrementen o consumo eléctrico. O cambio das condicións climáticas de cada estación aplícase automaticamente.

A instalación conta con analizadores de redes para o control do consumo integrados nun software de análise propia, desenvolvido polo equipo de Enerxía de EROSKI, que xera alarmas de funcionamento cando os consumos eléctricos se desvían do previsto.

## **Iluminación**

Todas as luminarias son LED de última xeración e contrólanse os acendidos dende un autómatas que optimiza o seu uso.

A estas medidas súmase a instalación de soleira flotante e illamento térmico e mais acústico no local.

## **Minimización de residuos**

A eficiencia enerxética únese á xestión de residuos cero, o que converte a tenda EROSKI "contigo" nun establecemento punteiro en política de Sostibilidade e Medioambiente. Así, as tendas de nova xeración de EROSKI minimizan os residuos que xera a súa actividade, dado que non se desbota ningún alimento retirado da venda pero apto para o consumo, senón que se lles doa a organizacións solidarias. Ademais, o programa de "Economía Circular" de EROSKI establece circuitos de reciclaxe para distintas materias primas. Para iso desenvólvense procesos de loxística inversa, dende as tendas ata as plataformas e provedores, co obxectivo de asegurar unha correcta reutilización e reciclaxe para minimizar os refugallos. No 2016 a través deste programa EROSKI reciclou 32.168 toneladas de cartón, plásticos, aparellos eléctricos e electrónicos, pilas, acumuladores de enerxía, lámpadas e fluorescentes. Ademais, a cadea de subministración de EROSKI engloba a utilización, reclasificación e reutilización de 47,8 millóns de envases loxísticos nun sistema circular.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)